

Vinte cadernos (Poemas 1969-2002)

Xabier Cordal

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORDAL, XABIER (2011 [2003]). “*Vinte cadernos (Poemas 1969-2002)*”.
A Trabe de Ouro: 54, 113-116. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo
de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1139>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL, XABIER (2003). “*Vinte cadernos (Poemas 1969-2002)*”. *A Trabe
de Ouro*: 54, 113-116.

* Edición dispoñíbel desde o 15 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

VINTE CADERNOS (POEMAS 1969-2002)

[RECENCIÓN DO LIBRO DE DARÍO XOHÁN CABANA, 2003]

Xabier Cordal

Con *Vinte cadernos (Poemas 1969-2002)*, Darío Xohán Cabana e Edicións Xerais de Galicia ofrecen ao público un volume imprescindible. Acértase, de partida, na perspectiva editorial ao compilar nun só tomo case trinta e cinco anos de poemas. Reverdecen así títulos que había tempo quedaran fóra do circuíto comercial, auténticas pezas de coleccionista. Malia iso, o primeiro que o coñecedor da poesía galega detectará na obra son algunhas ausencias, textos que non por circunstanciais están moi lonxe doutras creacións afortunadamente suxeitas á terra e ao tempo que si figuran nesta exhaustiva antoloxía persoal –para os efectos, obra completa– prologada por Moncha Fuentes Arias. Referímonos, por exemplo, a letras para grupos ou solistas (algunhas tan históricas como as que musicaron, a finais dos setenta, Fuxan os Ventos), fragmentos desbotados, textos en revistas perdidas, colaboracións en tiraxes ilegais, algún xogo de estilo que se quedou na [114] gaveta de amigos e xente cercana... Foi o autor quen decidiu iso, e é tan adecuado o seu criterio –«autoridade» remite precisamente a «autor»– que nada lle imos apoñer. Será a crítica quen teña o labor taxonómico, no momento de reunir a totalidade da obra poética de Cabana, un pouco máis difícil.

Carecemos do espacio e do saber para alcanzar nesta reseña o que logra o prólogo de Moncha Fuentes, ben hibridado de emoción persoal e análise panorámica. A obra de Darío Xohán Cabana é certamente extensa;¹ por esta e outras razóns (entre as cales non parece cativa a de que ao autor lle faltan varias décadas por engadir) ousar un xuízo en tres páxinas para cinco centos delas soaría a frivolidade. Agora que os *Vinte cadernos...* empezan a entrar nas casas e nas bibliotecas, permítide só que contribuamos á súa lectura con algunha nota a rodapé.

Existen rexións ou países que contan co que realmente podemos cualificar sen medo de escola poética, nacida dun idioma pleno, vivo na estrofa popular, madurecida despois, ou simultaneamente, na escritura académica. Así entendida, a principal escola poética galega situaríase na Terra Chá e tería a súa capital en Mondoñedo, cidade doutra comarca moi cercana no xeográfico e no socioeconómico. Tanto que o seu Seminario de Santa Catarina serviu de universidade para un bon número de mozos nados na Chaira e no territorio que hoxe é Diócese Mondoñedo-Ferrol –o norte das dúas provincias que a España lle deu por inventar no XIX–. Alí, entre os muros canónicos e sen a extrema persecución

¹ Sen contar os seus anosamentos do italiano, que merecerían, e foi xustamente recoñecido en Florencia, figurar nunha antoloxía da tradución.

contra o galego exercida noutras sedes eclesiásticas, a verba popular sulcou os océanos interiores da Biblia, de Grecia, de Roma. Gañou daquela rigor na dicción e na temática. Se cadra antes que unha Escola do Seminario, ou vilalbesa, houbese que postular con criterio máis amplo a Escola Poética Britoniense ou Mindoniense.

Darío Xohán Cabana naceu en Roás, que é parroquia en Cospeito, retallo verde dun dos poucos países de noso que podería distinguir o falcón desde o aire. A lentura dos campos querería ser a mesma cousa que o escritor. A diferenza de Noriega Varela, Crecente Vega ou Iglesia Alvariño, non asistiu ao Seminario. E con todo, o impulso poético dun moción había por forza empaparse desa tradición britoniense, teimuda e invisible como o barruzo que madruga na Chá. Quixo o destino que fose Manuel María quen modelase os versos do Cabana novo, maxisterio e débeda que o autor proclamou sempre que foi requerido polo asunto aquel das influencias. Dicir Manuel María, así e todo, é tender un arco tan longo como o arco da vella entre a poesía popular e a poesía culta, entre a lixeireza narrativa de Caetano Arias e as depuradísimas revelacións de Xosé María Díaz Castro – ou o combate civil de Leiras Pulpeiro–. E incluso hai, ao final dese camiño, unha tradición de ruptura.²

[115] A Escola Britoniense participa, con firmes liñas dialectais (hilozoísmo, franciscanismo, etc.), da lingua e da estética labradas en Galicia desde o XIX. É aí onde a árbore Darío Xohán Cabana pon as raíces, de maneira que non estraña a vocación de fundar o poema coas virtudes da disciplina e da fluidez. É o noso, ata agora, un autor de liña clara, por dicilo en termos plásticos. En parte por orixe, en parte porque a evolución de Cabana do comunal ao comunista³ foi virándolle os acentos cara a epeopea, transpasada case sempre polo ton elexiaco.

Iso mudou a principios dos anos oitenta, mais sen os versos setentistas de Darío Xohán Cabana quedaría orfa de poesía unha idade na que as clases populares se organizaban e se facían traxicamente adultas baixo os disparos da represión española. Só por iso ten a obra cabaniana do periodo un valor incalculable, como testemuño para a Historia e como primeira expresión climática dun trobar nidio, alto e ben fiado. Así faláron, con idénticos emblemas de fe no verso, moito Cabanillas e Celso Emilio, que como Cabana concibían mal as palabras sen soñarlles unha toma de terra. Perdurou despois a moda de cualificar de ilusión o poder asembleario da poesía, e se ben resulta certo que dá unha arma de combate bastante ineficaz, non é menos verdade que quen insiste no imposible de cambiar o mundo desde a poesía parece suxerir que a poesía está noutro mundo.

Fidelidade á tradición, compromiso social e disciplina formal resumen a década primeira do autor de *Patria do mar*. En torno aos días da súa publicación (corría 1984) facíase xa evidente que romperá o encoro dun segundo Cabana no cal son cada vez menos os versos discutibles; dito doutra forma, empeza a aparecer a voz encamiñada a converterse nun

² A reacción das palabras novas contra un edificio temático e formal que se sente imperativo supoñen a mellora do modelo, rara vez a súa liquidación. Reparemos no poeta de preguerra Cunqueiro a xeometrizar a paisaxe, e no narrador de posguerra Cunqueiro parodiando o costumismo mediante a súa invención. Reparemos, corenta anos despois, no esforzo dunha poeta nova chamada Margarita Ledo por retorcerlle o pescozo ao inmobilismo e á placidez que semella acompañar, tal aura dourada, a ética britoniense do *locus amoenus*. Xa o denunciara lonxe, medio século antes, o daquela moi escasamente lido (madia leva que non por Cunqueiro) Manuel Antonio. Pasarán os anos e volverán as epifanías, esta vez con modos ensombrecidos e sensuais, nas obras de Rábade Paredes e Fernán-Vello.

³ Isto é, desde *Verbas a un irmao* ata *Ferrol 75: Xosé Ramón Reboiras Noia*; non se trata de que Cabana descubrixe o comunismo nunha altura posterior, pois viñalle de tradición paterna, robustecida no Bacharelato lugués por Xesús Alonso Montero. A construción dunha épica socialista foi reclamada polos propios aconteceres e polo afondamento na teoría e na praxe do materialismo histórico.

clásico da poesía galega. Darío Xohán Cabana ábrelle as portas ao amor,⁴ ao mito fundacional e ao calor das homenaxes.⁵ As causas reclámanse variadas: unha, o armisticio que así e todo se ía declarando tacitamente a principios dos oitenta, consolidada a Restauración e a concesión borbónica, hoxe en crise, de eleccións libres e dunha certa descentralización administrativa. Outra, o madurecer nos recursos teimudamente vindicados polo autor e a universalización das influencias. Nesa poesía nova, por moito que ao de Roás non lle preste demasiado dar un paso sen afirmar correctamente os pés –nunca mellor dito–, transita o formidable Cunqueiro, os poetas medievais e, sobre todo, unha boa dose de calma e pericia formal en hendecasilabos e lides diversas. Algúns poemas empezan a caer nos ollos coa suavidade dunha pluma: detrás está Petrarca, séntense ao fondo as rodas inmensas do estilo de Dante a puír, co mesmo esmeril que conmoveu a poesía europea, as inspiracións de Darío Xohán Cabana.

O contexto chámase neodecadentismo, unha corrente que asulagou a poesía galega desde a tensión Cunqueiro/Ferrín, aínda que os sinais que configuran o movemento, disque marca de xeración, atinxen ao autor chairego só en parte: fronte á preferencia neo-[116]decadentista polo verso libre, soneto e metro clásico; fronte ao requintamento e á contemplación distanciada, vitalismo carnal; fronte á melancolía, persistencia da rebelión. Na tensión ou tensón citada gaña en Darío, pois, Méndez Ferrín, mestre e camarada ás horas da madurez, suxeito de admiración tanto no aspecto literario como no político. Repetirao moitas veces, na entrevista e na comparecencia pública, o autor destes *Vinte cadernos (Poemas 1969–2002)*.

A humildade do Cabana é enorme (xa vedes que chama “cadernos” aos seus libros...), na medida da súa pulcritude formal e da xenerosidade que ten exhibido con outras poéticas e cos compañeiros de escritura. Non nos deixemos enganar por ela. Caerán dos andeis do século XX ducias de caligramas sofisticados, de versificadores notables. Nun tempo onde calquera zona escura do texto se presume cualidade, velaí tedes o brillo espido do mellor Darío Xohán Cabana: *Canta de cerca de morte*. Soe ocorrer que lemos os textos excelsos con crueldade, prescindindo da dor e do corpo que os produce, e pensamos que todo en Cabana –a técnica, a depuradísima selección do léxico, a contención– se confabulaba para que puidésemos ler os sonetos cos que non puido curarse da morte de seu pai. Se nos fixamos, tras unha época relativamente prolífica que culmina encetados os oitenta, hai un ancho silencio antes dese poemario que semella premonición, e outro despois –ese sabémolo de amargura–. Con silencio, logo, despide o século XX este por outra parte grande narrador e coñecedor privilexiado da cultura, da lingua e da Historia nacionais. Deixou a referencia moi alta para futuras entregas na centuria que estreamos, pero quen coñece a evolución de Darío pode calcular xa que a volta ao poema non tardará en producirse e que será, unha vez máis, un *tour de force* co seu propio estilo. Agoiremos: haberá un cambio nas formas –porque no fondo sempre se labra no mesmo texto– comparable ao que se manifestou rematada a década dos setenta.

Acabamos a reseña na maneira que estaba previsto, incómodos. Por non poder contarvos, coa serenidade necesaria, os porqués en detalle (o idioma, o idioma–respiración de Darío, as palabras fascinantes que é capaz de engastar ao texto, que nos reviven); por non poder ter ido máis alá do obvio. Sirvan estes bosquejos para deixar, simplemente, noticia

⁴ *Cantigas do amor vilao*, 1981; *Amor e tempo liso*, 1985.

⁵ *VIII Fragmentos*, 1984; *Patria do mar*, 1983–84.

de que a mal chamada obra completa de Darío Xohán Cabana saíu á rúa. Xusto neste ciclo serodio en que todos os xéneros sucumben á dictadura capitalista da novidade, *Vinte cadernos (Poemas 1969–2002)* confortará a quen se alimenta de poesía en vez de consumila. Un clásico da literatura. O público e o estudio especialista encargaranse de refrendar esa distinción.